



CONCELLO DE VEDRA

C.I.F.: P1509000D - Teléf.: 981814612

e-mail: correo@concellodevedra.gal – <https://sede.vedra.es/>
[Avda. M. M. Gómez, 1 – 15885 Vedra \(A Coruña\)](#)



MERCEDES PEREIRAS CALDELAS SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE VEDRA

CERTIFICO: Que por **Decreto da Alcaldía de data 30.03.2026**, ditouse **resolución con número 322/2026**, coa seguinte parte dispositiva:

“Asunto: Aprobación da relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnico/a de administración xeral (A1) pola quenda de promoción interna

Expediente: 2026/G003/000340

..../....

Primeiro: Declarar que as persoas aspirantes que se indican a continuación aprobaron o proceso selectivo da praza de técnico/a de administración xeral (A1) pola quenda de promoción interna de acordo co seguinte:

Unha praza de técnico/a de administración xeral (persoal funcionario)

APELIDOS E NOME	DNI
Garrido Montenegro, Nerea	***8441**

Segundo: Dispoñer a publicación desta resolución na sede electrónica do Concello [<https://sede.vedra.es/>].

Terceiro: Outorgar ás interesadas un prazo de 20 días hábiles dende a publicación desta resolución na sede electrónica do Concello, para presentar os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Alcalde do Concello de Vedra, no prazo dun mes a contar desde a recepción da notificación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de acordo coa lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

O que resolvo e asino eu, Carlos Martínez Carrillo, Alcalde do Concello de Vedra, diante da Secretaria accidental da Corporación, en Vedra, na data de sinatura dixital.”



CONCELLO DE VEDRA

C.I.F.: P1509000D - Teléf.: 981814612

e-mail: correo@concellodevedra.gal – <https://sede.vedra.es/>
[Avda. M. M. Gómez, 1 – 15885 Vedra \(A Coruña\)](#)



E para que conste, e para os efectos oportunos expido a presente certificación co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, Carlos Martínez Carrillo, na data sinalada ao marxe.